

Pois eu imaxino que don Xurxo atopa un libro no que ai un feitizo que tería suficiente poder como para liberar Hadrián de ser un dragón. Pero tamén ai unha condición, se el libera do feitizo xamais volverá a ser un gran Mestre de Dragal. Tamén imaxino que Hadrián casara con Mónica e terá fillos, que estes serán os seguintes Mestres de Dragal. E mentres, Hadrián será un gran escalador, que descenderá unhas cantas veces as catacumbas cos seus fillos, para se algún día lles ocorre algo, saber orientarse nelas.

Pola súa parte, Mónica será unha gran historiadora dedicada as vilas construcións como as igrexas, catacumbas, covas... E tamén terá unha gran carreira como escaladora de rappel... Ela intentará que Hadrián asuma o cargo de párroco xa que desgraciadamente don Xurxo sofre unha accidente moi grave mentres que estaba a facer un montón de leña, así que non se sabe con certeza o estado no que se encontra, pero todos os mestres de Dragal e a familia ben numerosa de Hadrián estarán con el.

Entre os fillos de Hadrián e Mónica ai un en especial, un cun gran interese cuxo nome era Xandre, que el tivera uns sonos e uns pensamentos moi parecidos a os que tiña Hadrián na súa adolescencia. Pensaba que alguén no seu interior lle estaba a falar.

Xa cando Xandre xa estaba ben crecidiño o seu pai, Hadrián decidiu contarlle todas as súas aventuras que lle ocorreran de pequeno.

Iván Castro

Hadrián e Mónica cásanse e marchan a distintos pobos de San Pedro preguntando se alguén sabía algunha lenda que eles non sabían eles os dous volvérónse arqueólogos e revisaron esa zona toda e se hai algún colgante máis. Nese lugar hai unha cova e encontran tres colgantes más pero dous deles eran falsos, así Mónica xa tiña o seu.

Ao final ese dragón do colgante era o símbolo da PAZ nos séculos 12-18. Cada vez que unha das colas se movía era porque unha persoa estaba facendo o ben e protexendo a outras persoas. Pero cando se poñía verde escuro era porque alguén estava facendo algo malo (roubando...)

Mónica e Hadrián pillaron un home encapuchado roubando na cova onde estaban os colgantes pero por sorte collera os falsos e non os verdadeiros Mónica intentou seguiilo pero non o conseguiu.

Hadrián nesa cova descobre un pasadizo secreto a outro lugar ese lugar era unha antiga biblioteca na que había moitos libros sobre lendas da vila de San Pedro.

Colleu un libro e leu que o seu bisavó era o dono desa cova porque todos os libros escritos por el poñían:

Escrito por: Paco Manuel Castro García.

Alí estaba nos seus momentos libres...

Hadrián e Mónica sorprendéronse moito porque nin o seu pai lle falaran nada de iso nunca nin a súa nai sabía de que lle falaba.

Eles pensaban que seu bisavó nunca lle falara diso a ninguén só el o sabía.

Mónica preguntou pola vila se alguén o sabía. Só lle falaba a unha persoa por preguntar que era o mellor amigo do bisavó, foron a súa antiga casa e atopárono alí cos seus netos e bisnetos. El contoulle que o seu bisavó chamado Paco que ían alí moitas veces e alí era onde se reunían cando eran novos.

Alí xogaban a moitos xogos (como por exemplo: o parchís, a oca, o tres en raia...) pero el e Paco escribiran uns libros que foran perdidos foi moito tempo.

Mónica e Hadrián levaron a Gumersindo así era como se chamaba o mellor amigo do bisavó e Gumersindo sorprendese moito por que Paco nunca llo contara.

Hadrián e Mónica escoitaron moitas lendas de Gumersindo e Paco e descubriron moitas cousas das cales eles non sabían.

Mónica e Hadrián decidiron escribir un libro chamado :

-As lendas de Gumersindo e Paco.

Uxía Amosa

Despois de despedirse da súa amiga, Hadrián marchou de cara ó lugar por onde saíran. Hadrián pouco a pouco íase convertendo en dragón pero el intentaba por todos os medios non converterse en dragón.

De súpito púxose a pensar na súa amiga e en todas as cousas que lle aconteceran desde que chegou coa súa nai a Vila e deuse conta de que todo o que lle pasara, o do Dragal que era unha historia increible, o que máis ia botar de menos era a súa amiga, sería que lle esta a gustar? O mellor sen darse conta namorarase ... E agora o ter que agocharse no medio do alcume non ia poder estar con ela tanto como lle gustaría, pensando en todo iso chegou o monte e alí , só no medio da natureza votouse a chorar, tiña medo, sentíase só e ademais non podía pensar na súa nai e no desgusto que se levaría cando chegara a casa despois do traballo e el non estivera alí, e non sabía nin sequera se ia voltar algún día.

Así, pensando, decatouse de que xa rematara a súa transformación, xa era un dragón de verdade.

Agora alí agochado na Cova da Moura tería todo o tempo do mundo para pensar como podería voltar a ser el Hadrián.

Un día Hadrián veu pasar a Mónica a súa amiga polo monte ... e decidiu contarlle todo o que lle pasara pero o ser un dragón non sabía se o ia a crer.

-Mónica, son Hadrián o teu amigo

-Como vas ser Hadrián se es un dragón

-Eu sonche Hadrián, o que pasa e que me convertín en dragón

-Hadrián es ti, canto te votei de menos!!!

-Faríasme un favor?

-Por suposto. Que teño que facer?

-Teslle que dar esta carta a miña nai

-Vale maña voltarei a esta mesma hora e contareiche o que me dixo

A carta dicía:

Ola mamá, son Hadrián non te preocupes por min que estou ben. Non sei se

voltarei algún dia Acórdaste do medallón que me deches? Pertenceu a nosa familia dende hai moitos anos, e o día que papá morreu estaba intentando atopar o Dragal. E agora son eu o que o atopou e necesito tempo para poder averiguar como converterme nunha persoa.

Ao día seguinte Mónica volveu a ver a Hadrián e díxolle que a súa nai dixera que só o amor verdadeiro o axudaría a voltar a ser unha persoa.

Pasado un tempo un día a súa amiga foi a velo e a levarlle comida, os dous decatáronse de que estaban namorados, e foi a partir dese momento cando Hadrián comezou a notar un cambio no seu corpo, sentía como se pouco a pouco ia voltando a ser el, Hadrián. Cando voltou a casa a súa nai levou unha gran sorpresa e ese medallón, o medallón que lle deu seu pai gardárono para que ninguén mais se puidera

Marta González

Hadrian e os seus amigos decidiron que se desaparecíaan a policía non os encontrarían se chegaban a dar cos culpables, pero por outro lado as nais e os pais estarían preocupados.

Foi entonces cando unha amiga de Hadrian propuxo que se contrataban a alguén que fose un fuxitivo atracara outra igrexa e así quedaría esta olvidada e buscarían o culpable de aqueles feitos, pero onde podían atopar unha persoa con eses rasgos. A Hadrian ocorréuselle buscar a alguén relacionado coa droga e o contrabando, o mellor amigo de Hadrian comentou que lle podía preguntar ao seu avó porque cando el era pequeno algúns compañeiros seus estaban relacionados con ese tema. Entón o plan levouse a cabo.

O home que estaba disposto a facerlles o favor ía rumbo a igrexa do Corpiño na que se iba a levar a cabo o roubo. Ao principio os rapaces tiñan algo de nervios pero por outra parte pensaban que se todo saía ben quedarían libres e non terían que preocuparse de que a policía os seguía. Pero ocorría algo que eles non sabían, tiñan cámaras de seguridade, porque anteriormente xa tivera outro roubo esa igrexa.

Ese problema podíalles causar moitos problemas pero os rapaces confiaban no home. El tiraba bancos, moedas, etc. Ao día seguinte corrixease un gran medo entre os habitantes dese pobo.

A policía inmediatamente púxose a buscar quen fora o individuo que roubara nesa igrexa tan importante, as cámaras de seguridade non conseguiron identificar ao home que causara esos destrozos. Entón tiveron que recurrir a outros métodos, buscar pisadas, etc. Pero non conseguían atopar quen fora o culpable.

Pasados uns días a policía retirou a búsqueda e o sacerdote José Manuel podería seguir dando misas. Os nenos xa non tiñan ningunha preocupación e pensaban que todo se ía a acabar e que xa non se terían que preocupar máis en buscar outra maneira de escapar da policía.

Cando pensaban que xa estaban libres chegoulle un aviso a policía de una mancha de sangue na sotana do cura dun posible corte que tivera o ladrón. Os

axentes urxentemente levaron a mancha de sangue ao seu laboratorio para que a

analizaran e puideran saber de quen era. Os rapaces puxéronse nerviosos e non sabían que facer.

Os axentes anunciaron a identidade do home e comenzaron a búsqueda. Unhas horas máis tarde chegou un aviso de que o sospeitoso fora visto por última vez no aeroporto de Santiago de Compostela, marchaba para Barcelona, pero os vixiantes deulle tempo de collelo antes de que collera o avión e levárono a comisaría a declarar o delito cometido.

Ao principio o home non quería falar pero ao final tamén culpou aos rapaces. Pero os policías non crían que uns indefensos rapaces puideran facer iso. Entón só meteron ao home na cárcere e os rapaces quedaron libres.

Xabi Barros

Hadrián transformase en Dragal, o dragón milenario e empeza a provocar desfeitas e accións malvadas co fin de corromper a alma e aniquilar a todos, a Don Xurxo, a Mónica e ata tirar a igrexa de San Pedro e intentar non volver a gardarse no medallón que o retiveran todos os anos e milenios. Por fin ía conseguir a súa derradeira vinganza contra os seus inimigos os da orde do Dragal e terminar de matar e conquistar o mundo no que un principio fora o seu mundo o mundo do Dragal e ninguén o impediría, sería o rei de novo, o monarca, o conquistador, o colonizador, o matador... estaría a terra ao seu antollo. Naquel momento Mónica quixo remontar a orde do Dragal outros defensores para o monstro pero precisaba axuda e ninguén tiña o valor e valentía de fazer cara a Dragal. Ninguén podería fazer fronte a Dragal e a nai de Hadrián suicidarase ao ver que o seu fillo convertérase nun mostro cara a sociedade e ao non poder mais co seu sufrimento acabou coa súa vida e reuniese coseu prometido e a poza da moura secarase porque Hadrián rompeuna e loitaba contra o dragón pero a força do Dragal era superior a os seus desexos de saír de Dragal.

Carlos Vázquez

Á semana seguinte, na casa de Adrián entrou un home descoñecido. Pola apariencia parecía un policía ou un garda civil. Logo de saudar á nai, foi directo a habitación do rapaz que, ao ver como se acercaba, púxose moi nervioso. Ao pasar dentro Adrián confirmou o que lle parecera antes: era un policía. Tras un novo e longo interrogatorio no que o rapaz negou calquera cousa que o implicara no sucedido na igrexa, o garda levouno á comisaría, onde se atopou con Mónica, Brais e, sorprendentemente con don Xurxo.

Xa levaban tres meses dos dous anos que lle impuxera o xuízo, cando Adrián comezou a sentirse distinto. os seus pensamentos volvéranse primitivos , pois só pensaba en comer, matar e durmir. Un día, logo de levantarse e antes de ir á escola penitenciaría, mirouse no espello e volveu a ver a figura de Dragal. Coma na anterior vez, pensou que seguía sendo unha persoa normal pero, ao sentir un horrible berro de Mónica, deuse conta de que esta vez ía en serio. Desaparecería a súa pel por unhas horrendas escamas que soaban ao moverse, o seu nariz transformárase nun fociño tan feo que semellaba que estaba roto, comenzaron a saírlle unhas pequenas ás da espalda e tiña tres pequerrechucas colas. O rapaz, milagrosamente, logrou regresar de novo ao que en realidade era, un rapaz. Inmediatamente descubriu que podía mudarse de humano a dragón cando quixese. Logo diso, don Xurxo, Mónica e Adrián idearon un plan para fuxir, pois agora contaban cun dragón que podía meterse na mente da xente e convencela para facer o que el queira. Tras días de deliberación, acordaron o seguinte: don Xurxo finxiría unha grave dor de barriga e Mónica chamaría a un garda de seguridade a que os axudase. Logo deste paso Adrián meteríase na mente do garda que se encarga das cámaras, das alarmas, do control das reixas para facer que toda a xente saíse cara o corredor e así no alboroto poder fuxir do cárcere e refuxiarse na poza da moura. O último día do mes fixeron a operación (porque ese día é cando menos vixiantes hai), pero no medio tiveron un gran problema: Adrián non se daba conectado co vixiante por motivo da grande distancia que había entre eles. O rapa víase esgotado e xa case tirara a toalla

cando se acordou de Mónica, de don Xurxo, da familia de todos e, sobre todo, en seu pai. E iso foi o que lle fixo intentalo de novo pero desta vez más forte. E, de repente, as reixas de todos abríronse e todos os presos saíron correndo ao corredor. Xa na poza da Moura e asegurándose de que ninguén os vise respiraron con tranquilidade e déronse conta de que non tiña con que alimentarse.

A Mónica ocorréuselle chamar por teléfono á súa nai e dicirlle que lle trouxese comida para os tres. Xa pasada a condena regresaron ás súas vidas pero, o fiscal reclamou que se reabriría o xuízo por falta de probas de que estivesen cumprindo condena e así se fixo. Cando o xuíz ía ditar sentencia, Adrián fixo gala das súas dotes e convenceu mentalmente ao xuíz.

E así foi como os tres regresaron ás súas vidas “normais” coma se non pasase nada.

Roi Casal

Hadrián e Mónica estaban moi preocupados, non sabían se os gardas e don Xurxo descubrirían o feito de que foran eles. A mañá seguinte foron os dous a escola, o ruído da xente falando sobre o roubo, facía que lle preocupase máis. A primeira hora tiñan inglés. Estaban impacientes porque fixeran os exames e lles ía a dar a nota. A Hadrián desde que tiña o medallón do seu pai aprobara todos os exames entonces estaba un pouco máis tranquilo. Ao acabar a clase falaron entre eles sobre as notas pero sobre todo quedaron acordar verse esta tarde, ao saír do colexio. As clases remataron, xa lles era hora, pero agora si que estaban preocupados por se xa tiñan algunha pista importante, ou se saíra na tele polo enorme acontecemento ocorrido aquela noite. Chegou a tarde, estaban os dous rapaces na casa de Mónica. A nai da rapaza era moi agradable ou iso pensaba Hadrián, deullles de comer e de merendar. Cando xa estaban sos na habitación falaron de se lle ían a contar o acontecido a don Xurxo ou non. Así pasaron a tarde, cando xa lles hora de rematar e ir de volta a casa, xa tiñan decidido dicirlo. Pasaron uns días sen saber nada máis do asunto. Non foran capaces de reunir o valor para contarlo ao cura. Como se aburrían e pasaran uns días moi malos, planearon unha trampa para Brais, tal vez cando llo contaren ao cura non lle diría nada ao policía porque el entendería o de Hadrián e como eran moi amigos tenderlle xuntos a trampa, sen delatar a ninguén deles, solo a Brais. Planearon a trampa, Mónica e Hadrián sos, sen dicirlo ao cura. A trampa consistía no seguinte: como deixaran pegadas os dous nenos na igrexa, decidiron tapalas, facendo parecer que eran de Brais. Para iso terían que ir a súa casa e collerlle un zapato do neno. Sabían que non ía ser nada fácil. O primeiro paso era entrar na casa, sen que ninguén os descubrisse. Terían que collerlle prestado (roubarlle) o seu horario que levaba na mochila sen que se enterase. Colleronlo, primeiro paso conseguido. O segundo paso consistiría en entrar na casa nunha hora que estivese ocupado, un día que fóra a fútbol. Acordaron ir as sete. A chegada da hora xa estaban alí os dous. Entraron e agora chegaba o terceiro paso, collerlle o zapato e manchalo de terra para que parecera más real. Saíron da casa e achegáronse a igrexa. Agora tocaba o paso catro iso si, se don Xurxo accedía a facer con eles a trampa e se non lle contaba nada a policía. Cada vez estaban más cerca e estaban pelexándose por ver a quen lle tocaba dicirlo. Decidiron a Hadrián era o que tiña más confianza e más amizade con don Xurxo. Xa chegaran, co zapato nunha bolsa preparado. Acerouse don Xurxo e preguntoulle que facían por aquí. Hadrián nervioso contoulle o sucedido dentro da igrexa e que Hadrián se convertera

nun dragón, o cura non podía decir nada, quedara asombrado sobre o que foran facer os nenos. Contáronlle que lle perseguirán xa uns días atrás, Brais e por iso tamén entrou na igrexa. Pero tocaba o más difícil a trampa. O cura accedera, pois el quería aos dous nenos, e non quería que lle pasase nada. Fixeron as pisadas, xa remataran o plan, por fin algo lle saíra ben. Chamaron a policía de que descubriran máis pistas importantes e viron

que coincidían con Brais. Detiveron ao neno, Mónica, Hadrián e Xurxo sentíase mal por el, pero ao mesmo tempo orgullosos de que todos xuntos poderan vencer a Brais, e ao mesmo tempo descubrir o poder de Dragal.

María López

Brais asustado, foi a igrexa de San Pedro a pedirlle confesión a don Xurxo.

- Bos días don Xurxo. O párroco da igrexa estaba enredando cunhas flores que lle deixou unha rapaza de vinte anos chamada Margarida.

- Bos días Brais. ¿Que acontece?

- Querolle pedir confesión, don Xurxo.

- Pois pasa logo o confesonario.

Brais confesaralle todo a don Xurxo, que lle fixera dano a Hadrián; que os seus amigos e el seguían os dous rapaciños e que descubrira o pasadizo que leva as catacumbas. O párroco asustouse ao oír esas últimas verbas...

- Pero tranquilo don Xurxo que non vou dicir nada.

- Sabes ben que Hadrián e o elixido. ¿Non?

- Sei, pero maña módome de vila e ninguén dos meus amigos lle vai facer dano a Mónica e Hadrián.

O párroco despediuse de Brais cunha aperta chea de cariño. Don Xurxo sabía ben que no fondo ese rapaciño era unha boa persoa. A maña seguinte Brais xa marchara da vila. Era o último día de clase e chegaban as vacacións de verán. A profesora dona Hermidas fixo unha grande festa e deulle uns agasallos, un estoxo e unhas pinturas. No recreo Hadrián e Mónica foron visitar a don Xurxo.

- Bos días nenos.

- Bos días don Xurxo.

Xurxo contoulles o acontecido con Brais. Os dous nenos respiraron tranquilos, o saber que todo rematara. Despois de un mes de tranquilidade a nai de Hadrián díxolle que quería refacer a súa vida cun mozo da súa idade. Chamábase Suso, de nacionalidade inglesa, era alto; delgado, tiña o pelo corto; de cor negro, ollos azuis e uns dentes en moi bo estado.

- Boas tardes Hadrián chámome Suso.

- Boas tardes Suso.

- Quero que teñas claro unha cousa, nunca lle bou quitar o posto o teu pai.

- Iso alégrame.

Hadrián o terminar a conversa con Suso marchou correndo sen despedirse.

Hoxe era un día moi especial, Mónica e Hadrián quedaran na poza da Moura.Cando Mónica chegara, Hadrián xa estaba alí.Hadrián cun sorriso de orella a orella pediulle a Mónica que se sentase o carón del.

-Boas tardes Mónica. Téñome que dicir algo moi importante.

- Boas tardes Hadrián. Eu tamén che teño que dicir algo.

Os nenos responderon a vez.

- Gústasme

- Gústasme

Unha raiola de sol iluminou a poza da Moura e... deronse un bico, cargado de amor!

Nerea Duarte Varela

Entón, tras o atraco a igrexa de San Pedro , Hadrián escoitou un verro , un verro familiar, era a súa nai, ían de camiño a Galiza nas súas vacacións.

-é papá?-preguntou o fillo, despois a nai contestoulle -Pero se está durmindo- contestoulle a nai algo enfadada- coma ti fai cinco minutos, fai nada. Sodes un par de vagos moi vagos todo santo día durmindo ou sentado no sofa vendo a tele, eu que levo horas conducindo non puiden descansar nin cinco minutos.

-O neno seguiu falando coa súa nai:

-Mamá e o secreto de Dragal?, que pasa con el e co atraco a igrexa de San Pedro, a miña transformación en dragón, e o amuleto que herdei de meu pai que se supón que estaba morto?-A nai contestoulle sorprendida, xa que nunca oíra falar do amuleto...

-Supoño que sería un soño dos teus, cos dragóns , pero se os dragóns existen véndense por millóns e millóns pero atópanse bastantes por toda a cidade.- O pai tras escoitar ao seu fillo sorprendido espertou e contestoulle ao que o seu fixera.

-Como? ,porque eu morto se todo pero todo o mundo e todos enfermeiros da cidade saben que tras pasar cinco cánceres, tres pulmonías, catro neumonías e centos de diarreas e gripes leves son inmortal , se iso non é ser inmortal decídeme o que é ser inmortal.-O rapaz respondeulle con un pequeno resumo do seu soño comezando polo seguinte:

-Papá ti sufrías un accidente, nos (mamá e eu) volvíamos a casa do pobo en Galicia. Alí coñecín a Mónica unha boa amiga ca cal viaxaba as catacumbas, e a o templo de Dragal. Eu transformábame en dragón, despois molleime na poza das mouras (en auga quente) e volvín ser humano..._O pai interrompe dicindo o seguinte que el pensaba:

-Neno, pódesme dicir que é o amuleto?-o neno responde con alegría, seu pai estaba vivo diante del -Unha especie de moeda de bronce como unha de dous euros.Tamén ten un dragón con unha aguia no ombreiro- agora que o recordo esa é unha das miñas valiosas e carísimas moedas.

-¡Hadrián!- berrou o pai do recen nomeado con moita firmeza -eu só me aburro

polas tardes e exploro a casa,un día atopei unha desas moedas . O pai perdóallo, tras chegar a Galiza. Alí pasárono xenial, foron visitar a igrexa e estiveron por alí ata que rematou o verán .

Alberto Fraiz

Hadrián e a nai xa fartos de estar alí, aquela casa xa estaba aburrida, as cataratas tamén, o cole e todo.... Así que Hadrián propúxolle unha proposta a nai, e díolle: Se nos imos de aquí e imos para a casa dos pais do papá, así os avós contaranme historias do papá, que me fará recordalo, pero a mesma vez sentiríame a gusto porque así sabería que o papá tivera unha vida feliz e a gusto.A nai a idea gustouelle, as que recollerón todo e fóreronse sen avisar a ninguén.

Unha vez que chegaron alí, a nai contouelle porque os dous estaban alí.A avoa de tan ilusionada que estaba de que os dous estiveran alí, inda que faltase o pai, colleulle as maletas e instalounos os dous.Hadrián xa facía moito tempo que non vira a os seus avós.A Hadrián gustáballe más estar co avó, porque el contáballe más cousas e anécdotas sobre o seu pai, que a Hadrián lle gustaba moito que lle contasen, a avoa non tanto, porque non quería preocupar a Hadrián. Hadrián foi para onde o seu avó e os dous mutuamente estiveron contándose anécdotas..Así cousa a cousa chegou a noite, cearon e a nai de Hadrián manouelle ir para a cama, Hadrián tan contento como estaba foise para a cama.

Eran as dúas da madrugada e Hadrián non conseguía durmir, entón decidiu ir dicirlo a nai.A nai xa estaba a durmir, e a Hadrián dáballe un pouco de medo espertala, pero sí, fixo, e díollo.

A nai díolle que fora para a cama, que pechara os ollos e pensara nas anécdotas que o avó lle contara pola tarde.Hadrián gustouelle a idea e foi para a cama e fixo o que a súa nai lle mandara.Os seus pensamentos cos ollos pechados non foron de todo bos, non se lle ocorreu outra cousa que marchar da casa, e así fixo.Aí polas 5:30-6:00 da noite foise, sen facer ningún ruído.Non foi moi lonxe, pero foise.A nai ao espertar pola mañá, para non facerlle ruído e non espertalo decidiu non ir a súa habitación.Eran horas de comer e Hadrián non aparecía, a nai xa un pouco nerviosa, como non estaban en moi bos tempos, inda se puxo más nerviosa, e foi a habitación de Hadrián...E a desgraza estaba alí, Hadrián non estaba.

A nai aos avós non llo contou para que non estiveran preocupados.

A nai xa desesperada polas desgrazas que lle estaban a acontecer decidiu fuxir da casa dos avós. Foise para non volver xamais. A nai foise e como non tiña a onde ir, comezou na busca do meniño Adrián. Os avós vivían moi lonxe sobre Castela León, moi preto de alí.

A nai buscou, buscou, e buscou pero o pequeno Hadrián non aparecía. A nai xa non sabía onde podía estar así que colleu rumbo cara Santiago de Compostela, a capital de Galicia onde o pequeno Hadrián nacera, esa podía ser unha sinal.

En Santiago de Compostela tampouco estaba A nai entón colleu dirección cara Ourense, nin más nin menos. Pola metade do camiño ao lonxe veu unha grande montaña onde había moita xente e foi mirar, alí encontrábanse 3 covas. A nai entrou na primeira e poñía así ven grande PICO SACRO!, na segunda encontrábase un bar, e na terceira que era a más pequenina había moitos meniños, a nai non estaba segura de se quería entrar...entre o pequenina que era e a cantidade de meniños que había Pero entrou!!!

Non vos podedes imaxinar quen se encontraba alí, si si, o pequeno Hadrián a nai xa non sabía que facer se chorar ou comelo a bicos, e tanto unha cousa coma outra o fixo.

Aquel foi o día máis importante da súa vida!

E despois todos foron felices, outra vez na casa dos avós!

Zaira Carballal

Eu penso que Hadrián non vai parar de investigar ata saber que eran seus pais. Grazas a aquel medallón descubriu algo que podería chegar a ser importante naquela busca.

Lembraba unhas palabras do seu pai “este bidueiros é a miña enerxía, e o que me permite ver o mundo dunha maneira diferente” Hadrián o recordar aquelas palabras deuse de conta de que o seu pai era un gran afeccionado a natureza; entón foi correndo ata a vila onde se atopaba o bidueiro. Decidiu cavar ata que atopou algo que lle chamou moito a atención. Atopou unha carta que non se entendía moi ben o que poñía pero el deduciu e poñía “ADEUS” e firmado.

Hadrián recordou e pensou como era a firma do seu pai e deuse de conta que aquela firma era a do seu pai. De súpeto apareceu un veciño daquela vila tan fermosa e florecida e díxolle “ rapaz que buscas?” Hadrián contestoulle que estaba buscando información sobre o seu pai; o rapaz explicoulle todo e canto acordaba do seu pai o señor explicoulle cousas que lle axudaba a descubrir o que el buscaba. Nun instante o señor quedou calado e recordou algo súper importante sabía quen era o pai do rapaz.

O veciño daquela vila díxolle que o seu pai era un cabaleiro das ordes de Dragal. Hadrián, quedou entre tranquilizado e triste, o seu pai morrera sen despedirse del, morreu por culpa daquelas ordes de Dragal.

Paula Vilar

Hadrián estaba en clase, pero non podía parar de pensar en Don Xurxo, quén asaltaría a igrexa de San Pedro? Só os culpables o sabían. Hadrián estaba moi despistado, e volvíase preguntar unha e outra vez, unha e outra vez, pero... quén sería? é foi entón cando a profesora se lle acercou a mesa e díolle nun ton moi agarimoso: pero Hadrianciño atende por favor. Agora cambiou o ton e púxose moi enfadada:pero que hai aló? Tes que atender, queres que chame a túa casa? Así se che votan unha boa reprimenda atenderás mais, non sí? Non non agora ... Xa atendo. Díolle Hadrián. Mónica mirábaoo e dábanlle ganas de dicirle a mestra o que pasaba para que non lle renegase, pero sabía que o podía facer, pois era un segredo.

Por fin acabaron as clases, Hadrián dirixíase solo a igrexa, pero para a súa sorpresa cando chegou Don Xurxo non estaba, onde estará este home? Preguntábase Hadrián, nunca desaparecería así, sempre esta aquí, onde estará, pero onde se metería?Unha pregunta tras outra pregunta pero, no entanto,viu que o dragón estaba misteriosamente ... Enriba dunha árbore? Movéndose nervioso sobrevoando o ceo por encima daquela árbore, por suposto Hadrián acercouse pero ... Alí estaba Don Xurxo, apoiado naquela árbore moi canso, sen case respiración, moi confuso. qué lle pasa? Está ben Don Xurxo? Eeeeeiii, Don Xurxo... Por sorte este levantouse, incorporouse, repúxose e explicoulle a Hadrián: Eu non sei o que me pasou, solo me acordo de que estava na igrexa, tan tranquilo, pensando nas miñas cousas, e... caín ao chan e aparecí aquí, sen saber onde estaba siquera. Menos mal que apareciches ti, senón ... Hadrián axudouno a levantar e xuntos chegaron a igrexa. Unha vez alí o párroco tomou un vaso de auga e xa se encontrou mellor. Hadrián tiña que volver a casa, despedíuse de Don Xurxo e foise.

Pasaron varios meses e ninguén se acordaba de nada nin so asalto nin da igrexa nin nada. Ademais Hadrián tamén se esqueceu, así, dun día pa outro da súa transformación, pero so da transformación, do que si se acordaba era dos dragóns da medalla do seu pai e de todo o resto. Un ano e medio mais tarde mais ou menos Don Xurxo faleceu, todos se puxeron moi tristes. Hadrián fixo varias visitas a igrexa pero, sen Don Xurxo non era igual. Un ou dous días despois Hadrián escoitou en todos os medios mesmo, unha noticia que puxo a media España en alerta, devido a un tsunami un terremoto e un cúmulo de fenómenos a metade oeste de España quedaría somerxida baixo as profundidades mariñas, e dicir todo quedaría baixo a auga, todo, os dragóns a igrexa... Todo! Pensaba Hadrián angustiado. Todas as persoas dos lugares afectados deberían mudarse, saír de

alí, afastarse, marchar moi lonxe se non querían que eles tamén acabaran baixo a auga. Todos esos lugares en menos de tres días quedaron desertos. Unha vez todos os pobos e todas as persoas instaladas en outros lugares esa catástrofe non chegaba, a ver se ia ser unha trola, todo unha broma para asustarnos, pero non, dúas semanas despois, como tal dicían na tele, nos xornais, na radio...Todos os lugares da metade oeste de

España quedaron sumerxidos, a mil kilómetros baixo a auga, pero solo Hadrián, nin sequera Mónica que xa se esquecera de todo, solo Hadrián sabía que coa súa chave, coa medalla que tiña como herdanza do seu pai, solo el sabía que con esa chave, podería abrir unha porta na igrexa de San pedro, sabe Deus onde estará no fondo do mar, coa chave podería abrir unha porta que o transportaría a un mundo máxico, alí, nese mundo cheo de dragóns, onde tamén estará o seu pai, nun trono alá no alto do monte mais alto de aquel universo máxico, nun trono de ouro relucente no que tamén irá parar el cando lle chegue a súa hora.

Sabela Castelo

O sarkento Piñeiro quedou convencido de que os morcegos xa vivían na igrexa facía algúns tempo, pese a que Costiñas lle dixerá que procedía dunha cova. Máis calmado o sarkento díolle a don Xurxo e aos rapaces que voltaría para dicirllles de quén eran as pegadas. Hadrián e Mónica, sabían que Piñeiro os ía descubrir. Durante a semana seguinte os rapaces tentaron facer vida normal, pero Hadrián non o conseguiu, durante a noites unha forte dor de costas impedíalle pegar ollo, ademais, dos seus pés saían unhas fortes garras que desaparecíaen en canto saía o sol. Sabía que o cumprimento do seu destino estaba próximo. A semana seguinte o sarkento Piñeiro acordou unha cita con don Xurxo, e este asustado polo que puidera haber descuberto o policía chamou a Hadrián e a Mónica, que acordaron reunirse con el na igrexa. Piñeiro entrou con cara de enfadado:

-Vaia falsidade ten vostede, para ser un home de Deus!

-Non se bote a min desa maneira, dígame antes que descubriu.

-Descubrín que se vai ter que confesar vostede mesmo, despois de inventar un falso roubo.

-Tamén o vou ter que confesar a vostede, se non me demostra porqué me acusa.

-É vostede un falcatrueiro, non entendo os motivos polos que vostede inventou o roubo, pero aquí non había máis pegadas que as súas, as dos rapaces e as da muller do sancristán. Así que se quere que eu me esqueza de todo pode ir arranxando toda a desfeita.

-Meu deus! Non me prenda! Arranxarei todo! Confesareime a min mesmo.

-Está ben, polo que a min respecta esquecerei esta desfeita, sempre e cando todo quede arranxada.

Don Xurxo quedou moi ledo, porque finalmente a súa falcatruda non tivera consecuencias importantes, Hadrián e Mónica tamén respiraron aliviados, sen embargo, había outro asunto que tiña preocupado a hadrián sabía que tarde ou cedo tería que cumplir o seu destino.

Esta mesma noite Hadrián espertou bañado en suor, sentíase mal, acendeu a luz, pero o resplandor molestába enormemente. Saíu da cama e con gran esforzo

logrou chegar a porta do aseo. Limpou a suor da fronte e notou como caía a sangue ao chan. Apoiou as mans na pía, ergueu a cabeza e mirou cara o espello, as súas sospeitas convertéranse en DRAGAL. Martín Ferro

Hadrián entrou na cripta para pedir un desexo na fonte. Pedi o desexo de o dragón fose o seu gardián o seu desexo cumpriuse.O dragón foi o seu pai xa que como el o perdera o seu dragón facía o seu papel.Hadrián pensaba que fora o destino xa que o seu pai lle dera un medallón co que podía controlar o dragón. Súa nai non o podía crer pero co paso do tempo foise adaptando a súa nova vida.Tiña xa ganas de que empezara de novo o colexió xa que o meu dragón non me podería acompañar pero polo menos se eu levaba o meu medallón podería pedir calquera cousa e se fose una situación moi grave que aparecese para axudarme.Co medallón que meu pai me dou antes de morrer era todo mais fácil.seria que cando fomos as cataratas eu caín na poza quente pero ben xa non me lembro moi ben dese momento solo sei que meu pai estaba ese dia alí comigo.Papa seguro que estaría orgulloso de min xa que agora e como se tivese a súa compañía e me acompaña a todos os lugares ademais de iso todo me sae mellor os estudos,axudo a facer as cousas na casa ... Eu estou moi contento ca miña nova vida.Pero iso cambiou unas semanas despois xa que una maña ao espertar fun almorzar e sempre poño o meu medallón na mesiña de noite e esa maña non estaba. Fun preguntar a mamá se o vira e díxome que non.

Fomos a compra e vimos unha esquina que poñía: "Roberto Ruíz Sende primeiro dono do medallón"miramos cara a igrexa e vimos a un montón de xente e fomos ata alí, o dragón estaba alí pero cando cheguei xa era demasiado tarde xa que cando cheguei xa enterraran a Roberto mais a noso dragón eu pregunteime porque miña nai respondeu que foi cousa do destino xa que Roberto foi o seu primeiro dono. Hadrián foi a cripta a pedir que o dragón volvese porque pensou que se a primeira vez funcionou que a segunda tamén votou dúas moedas e esperou semana por semana dia tras dia hora tras hora minuto tras minuto segundo tras segundo ... E de repente un dia xa canso de esperar cando foi para a cama e oí un ruído que me fixo estremecer e levantarme coma un raio da cama baixei correndo a cociña cun bate de béisbol e alí vin ao meu dragón mais a súa moza. Cando o vin dinlle unha forte aperta.E díxenlle vaste quedar? El

respondeu si pero con unha condición foi que os deixásemos durmir na nosa casa, que lle désemos comida e que formasen parte da nosa familia. A moza do dragón estaba embarazada de dúas pequenas criaturas. Nos aceptamos o que nos propuxo. Eles dixéronos que o macho ía ser o meu gardián coma antes e a femia a gardiana de miña nai. Entregáronos os medallón o meu era de bronce cos

ollos verdes e o de miña nai era igual so que cos ollos rosas. Os pequenos dragóns naceron o dous de febreiro e puxémoslle nome Tobi e Laila os seus pais dixeron que en uns anos os ían substituír. E así e como formamos unha nova familia e en verdade si que voto en falta ao meu pai pero seguro que el foi o que mandou a o dragón para que me axudase.

Alba Guzmán

Cando saíu a rúa sentiuse estranxo, notaba a presenza doutro ser, valorou a posibilidade de que algúns dos amigos de Brais o estivese seguindo a espera de que este realizase algunha acción fora do habitual ou se saíse do camiño cara a parada de autobús, tamén sopesou que Dragal estivese tentando contactar con el, máis non obtivo resposta algúna.

Cando entrou polas portas do instituto parecía lle que todo o mundo o estaba a mirar, entre aquela multitud de rapaces e rapazas viu a cara da súa amiga, coa cal reforzara a súa amizade logo dos últimos acontecementos.

- Qué tal estás? – preguntou Mónica-

- Síntome raro, coma se me achara no corpo doutra persoa. -foron as únicas palabras que o xove atopou adecuadas para describir a súa situación.-

- Debemos darnos presa, será cuestión de tempo que Dragal volva tratar apoderarse do teu corpo.

- Temos que topar unha solución antes de que iso suceda, ou do contrario Dragal recuperará todo o seu poder. -sentenciou o xoven un tanto angustiado ante a posibilidade de quedar atrapado baixo o control dun dragón-

- Deberíamos comezar por preguntar a Don Xurxo. -propuxo ela-

- Vale, esta tarde ás cinco iremos falar co párroco.

- De acordo.

O resto da xornada escolar transcorreu con aparente normalidade; a maior normalidade posible dadas aquelas circunstancias nada habituais. Cando soou o timbre ambos nenos dirixíronse cara o autobús, fixérono a gran velocidade ante o temor de ser recoñecidos por alguén que coñecese o ocorrido, pero parecía que a única testemuña dos feitos, Brais, que ese día faltara a clase por razóns más que obvias, non dera nada coñecer. Cando o autobús freou en seco ante a parada na que tiña que baixar a súa compañoira, Adrián, advertiulle que tivera coidado. Nesta ocasión o perigo estaba oculto, era unha

ameaza misteriosa xa que a pesar de que non sabían que podería pasar eles mesmo temían polas súas vidas.

Pola súa parte Hadrián díxolle a súa nai que se pasaría pola vila para emprestar uns libros sobre a Antiga Grecia na biblioteca municipal. En cambio Mónica contou unha media verdade e dixo que quedara para falar co seu novo amigo.

A primeira en chegar foi Mónica quen agardou con impaciencia ante a porta da igrexa, ollando para a fachada en busca dalgunha resposta ao seu problema. Uns minutos despois apareceu o seu compañoiro, viña encapuchado para non ser recoñecido por ninguén e ao ver a súa amiga así, sen cubrirse e deixando ao descuberto o rostro, non dubidou en chamarlle a atención

- Pero que fas! -dixo Hadrián-

- Eu?... Agardarte -respondeu estrañada-

- Pero así puideron verte chegar

- Tes razón, debo ter más coidado -recoñeceu ela-

- Por precaución falarei co cura no interior do confesonario, mentres vixía que ninguén se achegue a escutar.

- Moi ben, pero sabes que é o que lle preguntarás a Don Xurxo

- O certo é que non, pero vamos aló, non hai tempo que perder

Cando entraron o párroco estaba a sacar brillo ao altar baixo o que se atopaba o acceso ás catacumbas que ata o de agora permaneceran en secreto. Ó velos, xirouse cara a eles e saudounos cunha tranquilidade pasmosa.

- Seguides vivos! -exclamou o cura-

- Home, que pensaba, que morreramos? -bromeou o rapaz-

- Brais díxome que seguiades aí dentro

- Se non é molestia quería confesar os meus pecados

- Claro, veña

Tal e como acordaran Hadrián adentrouse no confesonario xunto con Don Xurxo para topar cunha resposta e Mónica vixiaba dende un dos últimos bancos.

No interior o adolescente contoulle todo o acontecido a noite anterior cando lembrou a ocasión anterior na que falaran no interior do concesionario, fora sobre

o significado daquela frase na cruz da fachada “Crux Sacra Sit Mihi Lux. Non
Draco Sit Mihi Dux.” Nese momento véuselle a cabeza que aquilo podía ser a
resposta as súas dúbidias.

- Hai algunha maneira de acceder a cornixa da fachada, onde se atopaba a cruz con aquela inscrición? -preguntou Adrián-

- Claro, pero non creo que topes nada, foi destruída na guerra -respondeu-

- E igual, por probar non se perde nada...

- Ven, sígueme

Subindo os chanzos notou como o corazón lle daba un brinco, a transformación comezaba de novo, pero tratou de aguantar como puido.

-Aquí está -sinalando o lugar onde se situaría a vella cruz, mesmo se vía o pé desta-

Entón, baixo a atenta mirada do párroco e más da súa compañoira a cara de Adrián transformouse en algo similar a cabeza dun réptil, xusto no mesmo momento no que, ca axuda de Mónica, moveron unha das lousas da vella cruz.

Baixo a pedra atoparon un medallón de ouro coa mesma inscrición que a da cruz, rapidamente o neno, en verdade máis réptil ca neno, fíxose co colgante no momento preciso antes da transformación completa

Breogán Rey

O policía non daba ren con todo o que estaba a pasar, rematou de falar con Cortiñas e logo decidiu o futuro daqueles morcegos que estaban agochados naquel armario tan estreito.

-Ben, vou levar a estes infelices ao un centro especializado para estes animais.

Ao día seguinte Hadrián mais Mónica pensaron no que sucedera onte, no medio dunha clase cando a profesora estaba explicando Hadrián preguntoulle a Mónica:

-E que cres que vai a pasar cos morcegos que se atopou onte?

-Non sei iso non o pensei ata agora, pero penso que Piñeiro vai a metelos nun centro, porque matalos non é unha idea moi lóxica.

A profesora deuse de conta de quen estaba a falar mentres que ela estaba a explicar unha cousa moi importante para o exame sorpresa que lle ía a suceder.

-Que estades comentando? Decídello aos vosos compañeiros.

-Perdoa mestra non nos dimos de conta de que estabas a explicar unha cousa moi importante sobre o exame sorpresa.

Hadrián quedou calado, mentres que Mónica non perdía a esperanza de seguir falando con Hadrián, porque lle chamara a atención sobre o crime e outra cousa que lle quería comentar sobre o dragón, pero non podía falar tiña que tomar apuntes sobre o encerado.

Tocou o timbre de cambio de clase e marchou a mestra, nese momento de tardanza

Mónica no quedou quieta e foille a falar a Hadrián.

-Eu penso que ter un dragón como mascota sería un auténtico pesadelo ...

Mónica ao diciren esas palabras fixo rir a Hadrián, non dubidou en plantexarlle esa pregunta tan tonta porque como ben se sabe os dragóns non existen, pero poida que siga existindo.

Chegou o outro mestre e ese era o de matemáticas que presuposto tiñan moita tarefa que facer porque só tiñan tres sesións por semana que moita materia que dar, o profesor andaba con bo ritmo malia que iso non sucede coas dúbidas que el se plantexa na súa e persoal vida. O profesor tivo que marchar por unha urgente quedada familiar, entón veu o mestre sustituto que ese mestre era novo chamase Xoán, o seu cabelo era rechamante pero atractivo, era moreno cunhas pequenas mechas douradas, pola cara amosaba medo pero non era tal e como é, ten unhas poucas pecas pola cara moi dispersas, un labio vermello e unhas poucas engurras diante do queixo, media mais ou menos 1,74 el sempre viste con traxe cor negro ou azul tirando a escuro.

-Ben, o voso profesor díxome que tiñades un traballo por facer, quedade aquí caladiños e sen molestar porque ai clase ao voso lado.

Mónica deulle completamente igual e falou con Adrián encanto marchara o mestre substituto.

O mestre escoitouna e entón díolle que a acompañara con ela para que así non falara. Ao chegaren Mónica sentouse e púxose a facer o traballo ou exercicios que lle mandara o mestre de matemáticas, chegou a hora do recreo e Adrián vou a biblioteca a investigar sobre o caso da igrexa, Mónica estivo facendo conclusións sobre accións que sucederon, tocou o timbre e non puideron evitar berrar por non entender como pudo pasar.

-Eu penso que isto foi entraron colleron o que tiveran que coller sen probas e marcharon correndo.

-Pero Mónica iso non foi cousa de profesionais non calcularon ben o tempo, o que ían a coller..

Mónica non daba ren o que pudo suceder, ao remataren as clases Mónica ía para a casa chea de fame, ao comer marchou tan rápido como pudo a comisaría a plantexarlle a Piñeira as conclusións que plantexou ela no recreo. Esa mesma tarde foi con Adrián a igrexa a ver o fogar do crime, estiveron tocando en todo e non atopaban nada, ata que Mónica mirou para un santo que tiña ao lombo un medallón, tocou a cabeza e foi nese mesmo momento cando Mónica desaparecera, Adrián escoitou o berro que metera pero non a vía por ningún lado, el tamén veu ese santo e tocou unha das colas que tiña o dragón esa cola foi a do medio porque tiña tres, e tamén desapareceu, e foi cando se encontraron.

-Que é isto? Unha especie de... Cova.

-Non o sei, pero vamos a investigar poida que encontremos algo importante.

Seguiron o túnel, e viron dous dragóns comendo, Adrián non daba ren co que estaba a suceder, en cambio Mónica alucinaba por ver un dragón tan cerca.

Logo os dous dragóns uliron o perfume que traía Mónica, eles tiñan fame e o que fixeron foi ir detrás deles para comelos, os rapaces botaron a correr cando se deron conta que ían a comelos, os dragóns botaban lume pola boca, a Mónica ocorréuselle darlle a mochila che de comida que tiña no seu lombo, deullo aos dragóns e fixeron un acordo. Un dos dragóns que era unha femia prometeu traer comida cada sema para non ter que acabar ca vida duns rapaces. Logo diso non se volveu saber daqueles dragons nin dos rapaces.

Xiana Silva

Hadrián seguía un pouco abandonado cos seus estudos. Para el o misterio do dragón era un reto, algo que o tiña enfeitizado. Hadrián dixéralle a súa nai que as notas lle ían moi ben, pero no seguinte exame que tivo, suspendeu. Estaba sempre moi cansado e non chegaba a concentrarse o que precisaba.

Cando chegou esa tarde a casa díolle a súa nai que suspendera o exame de ciencias naturais.

-Pero Hadrián, ¿como puidedes suspender?

-Pois non o sei mamá, seguro que non o preparei o que debía pero cando faga a recuperación vou sacar moi boa nota.

-De acordo, dixo súa nai, pero se non o fas, pasaras todo o verán indo a clases. ¿Entendiches?

Hadrián seguía ao seu, pero Dragal sempre andaba derredor, siempre estaba presente no seu pensamento, ainda que sempre contaba coa axuda da súa amiga Mónica, compañeira de clase do instituto.

O día da recuperación Hadrián fixo un exame perfecto e súa nai púxose moi contenta. Nos días seguintes Hadrián prometeuse a si mesmo que nunca mais ía falar falar con Dragal e tampouco ía voltar suspender un exame. Poderá Hadrián apartar da súa mente o dragón e seguir cos seus estudos e traballos?...

Pois en principio Hadrián parece que si se esqueceu de Dragal. Dicían os seus compañeiros que parecía estar un pouco mais concentrado e un pouco mais ledo. Agora só pensaba nos exames finais, e sempre estaba preocupado, pero rematou o curso aprobando todo e con moi boas notas.

Nada mais rematar as clases, Hadrián quixo apuntarse no verán a actividades para estar entretido.

e non pensar no dragón. En principio apuntouse a clases de natación. El dicíalle a súa nai que ía a piscina, pero en realidad seguía véndose con Dragal. Non o deixaba nin a sol nin a sombra.

Tamén decidiu apuntarse a fútbol. Ia entrenar dous días a semana e chegou a xogar un partido contra un dos seus melhores amigos. Neste partido ata marcou un

gol. Polas tardes falaban dese gran partido no que o seu compañoiro lle chegou a dicir que ganaran porque el non estivera moi acertado porque estaba en baixa forma.

O verán foi pasando e voltaron de novo as clases. Adrián volveu a reencontrarse con tódolos seus vellos amigos e como non coa súa amiga da infancia Mónica, a

súa confidente. Empezaron de novo os traballos, os exames...e como non voltou de novo a sombra de Dragal.

Neste curso Hadrián intentou deixar a un lado o dragón. Intentou concentrarse nos seus estudos, pero Dragal sempre estaba presente en tódolos currunchos.

Hadrián nesta ocasión tivo que aprender a convivir co dragón, pois el era o elixido para descifrar a profecía.

Conseguirá o seu cometido?...

IKER ÁLVAREZ

Rematado o recreo Hadrián regresou a aula .Cando finalizaron as clases,Hadrián foi para a súa casa.Polo camiño sentiu que un leve mareo pero non lle deu importancia. Cando estaba a uns pasos da súa casa sentiu outro mareo e que os ollos lle brillaban, esta vez xa fora mais forte, tanto que caeu a solo, perdera o coñecemento . Mientras non recuperou o coñecemento soñou que o Dragal lle dicía que cando espertara el sería un dragón coma o e que se tería que esconder.Cando espertou sentíase mareado, levantouse asustado e mirou a ver se o que soñara era certo, e así fora,transformárase nun dragón.Non sabía que facer e entón pensou que se ía onda Mónica ela tería algunha ocorrencia pa amañar aquilo,polo que despregou as ás e foi ata ca casa de Mónica voando.Cando chegou a casa petou na ventá da súa habitación.Ela estaba escoitando música polo que non o escoitou, ao ver que non respondía Hadrián pensou que se abaneaba algo a casa ela o sentiría e que lle faría caso .Así foi,Mónica sentiu moerse a casa e mirou pola ventá.Ao ver o dragón pensou que era o Dragal asustouse pero Hadrián faloulle e ela decatouse de que non era o Dragal senón Hadrián transformado en dragón.Ela foi correndo cara a ventá, abriuna e preguntoulle a Hadrián que lle ocorrera.El respondeulle dicindo que notara un mareo que se desmaiara e cando estaba inconsciente o Dragal lle contara que se ía a transformar nun dragón.El preguntoulle que pensaba que debía de facer e ela díxolle que fora a igrexa que alí o dragón non podía facer nada.El marchou correndo dirección a igrexa, Hadrián entrou dentro da igrexa e no mesmo instante que pisou o solo transformouse outra vez en persoa.Naquel momento o párroco entrou pola porta e preguntou que sucedera, os rapaces dixéronlle que Hadrián se convertese nun dragón e que se lle ocorrera que se o viña aquí volvería o seu estado normal.

O párroco explicoulles que o Dragal as veces se reencarnaba e nos seus donos e para volvelo ao seu medallón seu dono debía que vir alí.O párroco pediulle o medallón a Hadrián e el doullo, o párroco colleu o medallón e gardouno nunha especie de caixa forte,dixo que alí estaba mellor.

Joel Miguélez

Hadrián e Mónica saíron da igrexa e dirixíronse a casa do rapaz dispostos a indagar como controlar a Dragal. Como estaban sós na vivenda tiñan a tarde enteira para buscar a solución. Despois de ollar moitos libros na biblioteca do bisavó, encontraron no libro “Segredos de Alquimia” a forma de controlar a Dragal cando quería ocupar o corpo de Hadrián. O libro dicía:

Aquel que sexa o elixido polo gran dragón para apoderarse do seu corpo, ten dúas opcións: A primeira e deixar que se apodere de ti para toda a vida, e a segunda consiste en parar o dragón para que non te dea controlado. Se queres saber más da segunda opción vaite a páxina 5632 deste libro e descubrirás todo, pero ten coidado non queiras facer todo tan rápido.

Os dous cruzaron unha mirada, e Mónica espetou:

- Hadrián dime que non vas facer unha tolería das túas!!
- Pero non o ves Mónica, se vou a esa páxina poderei saber como parar a Dragal!!! Ese é o meu obxectivo -dixo con voz estridente-
- Eu non sei, pero ti viches o que dicía a mensaxe que non queiras facer todo rápido!!-respostoulle Mónica-

Hadrián non escoitou e foi a páxina 5632. O que dicía era que para parar a Dragal debían ir ás catacumbas e a uns dez kilómetros de profundidade, atoparían o templo de Dragal. Unha vez alí tiñan que buscar un debuxo dunha estrela na parede, tocalo, e nese momento berrar isto: “Dragal deixa o meu corpo en paz, que eu teño unha vida por diante, non teño porque soportar isto!!”

Hadrián non dubidou en facer o que poñía aquel fragmento do libro, mentres que Mónica non estaba moi convencida Entón díxolle:

- Hadrián eu...non quero volver alí..
- Pois se ti non ves, irei eu só-dixo con ton enfadado-
- Pero... ti non tes medo de volver alí abaixo?
- Se teño medo da igual neste momento, porque desto depende a miña vida.

Ou, queres que me converta en dragón para sempre??

- Non, eu non dixen iso!!

- Dá igual o que dixeras, o caso é que eu esta noite vou as catacumbas.
- Pero...Hadrián a garda civil está investigando o asalto...e ti..vas ir alí?
- Sí, porque de noite non hai ninguén. Unha derradeira pregunta: Ti vas vir conigo ou non?

- Umm,vou, pero cunha condición que se non atopamos o que buscamos marchamos!
- Vale, moi ben
- Moi ben, pois esta noite as doce da noite na igrexa de San Pedro.
- Si, pero unha cousa as chaves?
- Pódoas conseguir eu como da outra vez!

Chegaron as doce da noite e os dous rapaces atopáronse na igrexa como acordaran e dirixíronse cara as catacumbas na procura do templo. Xa levaban dúas horas e media de camiño cando sen darse conta Hadrián estaba tocando a parede e notou algo rugoso que lle rozaba a man. Abriu ben os ollos e decatouse de que estaba a tocar a estrela da que falaba o libro. Chamou a Mónica e os dous alegráronse ao ver que a súa viaxe non fora en balde.

- Atopámola!!!
- Si, veña a de unha, a de dúas ...
- ESPERA!! Hadrián o que vas facer agora e algo perigoso porque non sabemos como funciona, nin o que vai pasar.
- Tranquila Mónica todo sairá ben- respondeulle Hadrián en ton sosegado-
- Ben, pois a de unha, a de dúas e a de tres!!

Hadrián pronunciou a frase: "Dragal deixa meu corpo en paz, que eu teño unha vida por diante, non teño porque soportar isto!!

Nese momento sentiuse unha voz:

- Volviches Hadrián!!

De repente as paredes da cova empezaron a separarse e aparece o templo de Dragal.

- Eu non te elixín ao azar, ti és o herdeiro, o elixido.

Nese momento Hadrián deuse conta de quen estaba a falar era Dragal e comprendeu o seu destino, más non o quería aceptar. O dragón decatouse do que lle estaba a pasar ao rapaz polo que acordaron cambiar o seu destino: o mesmo decidiría cando se convertería en dragón e namentres seguiría sendo

humano, pero coa condición de que este segredo non fose desvelado a
humanidade.

LUCÍA PUGA

Despois de que os axentes policiais tomasen nota dos acontecementos que os cativos lles acababan de relatar , coa fin de dar coa solución deste labirinto , desprazáronse ao lugar no cal sucederan os feitos.

Estando xa aló , os policías investigaron até a última sinal visible , e aí foi cando os nervios traizoaron a Mónica e Hadrián ; o sangue comezou a ferverlle no interior do seu corpo , as facianas , en cuestión de segundos adoptaron unha intensísima cor vermella a cal lle transmitía inquedanza aos axentes , a suor comezou a esvararlle pola face...

Foi bastante o tempo que adicaron a intentar achar a solución ao roubo que tan nerviosos os tiña a todos ...

Transcorridos uns días, xa vencidos polo cansazo e a impotencia , deciden abandonar a que ía ser unha interminábel búsqueda.

A parella de amigos , cando esta noticia chega aos seus oídos , póñense a saltar de alegría , matándose a bicos e a apertas, mentres que Brais , se sinte inútil , sen forzas , dado que os acontecementos que anteriormente el lle contara aos axentes , ninguén llos crera , ninguén tivera valor a continuar coa búsqueda que se comezara había uns cantos días ... Indignado pola situación que estaba vivindo ,o seu pensamento repetíase unha e outra vez :

-“ Está claro , nesta vida o que algo quere algo lle cuesta , non ten mérito renderse a primeira, hai que loitar ...”

Así quedou a cousa, sen resposta

Hadrián e Mónica voltaron á realidade , agora xa non podían ausentarse en horario escolar ,agora tiñan que comenzar de novo a estudar , xa que o verán estaba á volta da esquina e cumplía ter todo aprobado , se querían disfrutar do intensísimo verán que lle esperaba nas Illas Cíes, digo esperaba porqué Ai que non volo contei , Hadrián e Mónica están saíndo , si! Parece que as aventuras que tiveron xuntos durante este curso , os ía unindo cada vez más , e grazas a iso , actualmente son inseparables .

Os seus proxenitores non puxeron pega ningunha por isto, ao contrario ,

alegráronse por eles , e agora cada sábado , saen a cear por alí os cinco ; os pais

de Mónica , Hadrián e a súa nai . Nestes fermosos intres é cando Hadrián bota de menos ao seu pai , pero como a súa nai ben lle dixo , ten que seguir para adiante e pensar no fermoso futuro que lle espera cheo de ledicia e boas noticias,as cales pouco a pouco lle van axudar a poder rir sen que doia.

Así remataba a filme que a mestra Enriqueta nos puxera o último día de clase para darlle a benvida ao verán.

Quería mostrarnos o valioso que é poder compartir minuto a minutos coa nosa familia , quería que valorásemos o que temos , quería mostrarnos que a mentira algumas veces acaba mal , pero outras como neste caso acaba ben , (poucas son as veces) ...

Dentro de pouco , xa teremos noticias dos nosos queridos amigos ;Hadrán e Mónica, que agardo por que me conten o seu verán! .

Aleixandra Torres

Aquela foi unha tarde verdadeiramente intensa, chea de nervios e intriga. Aínda que a Mónica e a Hadrián lle gustaría saber todo o que ían descubrindo os axentes, para non levantar máis sospeitas sobre Dragal e todo o que fixeran decidiron, sobre as sete menos cuarto da tarde, marchar para a casa, coa desculpa de que tiñan moitas tarefas para facer.

Ao chegaren cada un a súa casa, os seus pais non sabían nada do acontecido, polo que os rapaces tamén quedaron más tranquilos. Encerráronse no seu cuarto e colleron o teléfono para poder comunicarse.

- Ola? Hadrián, es ti?
- Si Mónica, son eu.
- Ben, que tes pensado facer?
- Pois non sei, a verdade, só teño a esperanza de que os policías non atopen as catacumbas e dean a investigación como imposible, aínda que creo que será difícil.
- Xa. E se nos descobren qué facemos?
- Non o podemos permitir, temos que facer algo antes, e conseguir que non descubran as catacumbas, nin a Dragal!
- Podes usar os teus poderes para facer algo, igual que te podes meter nos meus pensamentos tamén podes intervir nos dos axentes, coa axuda de Dragal.
- Um... Non sei, dáme un pouco de medo e... non sei, pero se non hai outra solución, terei que facer algo.
- Non me dixeches que pola maña falaras con Dragal, a través do espello?
- Si! Podo intentalo agora. Se sei, ou consigo algo xa te aviso.
- Moi ben. Vamos Hadrián, ti podes!

O rapaz cortou a chamada coa súa compaÑeira e foi para diante do espello.

- Dragal? Ola! Estou aquí, óesme?

Hadrián non tivo resposta ao seu saúdo. Confuso, decidiu deitarse na cama, estaba moi canso. Botou unha pequena sesta de unha hora case exacta, aínda

que o sono que durmira esa noite fora ben pequeno. Ao espertar e mirar para a man, veu que de novo Dragal estaba no seu corpo. Sen pensalo dúas veces, foi para diante do espello. Como esperaba, veu a mesma imaxe que pola mañá, e como por arte de maxia veulle unha idea á cabeza, non lle sorprendeu, despois de todos o que pasara...

Por que non facer un trato con Dragal? Despois de todo, era así como, no mundo real se solucionaban os problemas. Tragou saliva e dixo:

- Ola Dragal! que tal?
- Ben, Hadrián. E ti?
- Eu... ben, ou mal, non sei. O caso é que quero proponer un trato.
- Hadrián, xa sabes que es o elixido, tarde ou cedo chegará o momento.
- Si, de iso quería falarche.
- Ben, pois adiante.
- E que eu... Eu non me puedo converter en dragón, non puedo estar así cada pouco, senón logo se descubrirá o segredo de Dragal!
- Pero es o elixido, tocouche a ti, e xa sabes por qué.
- Si, pero o meu trato creo que sería bo para os dous, creo que nos está ben aos dous, escoita.
- Iso espero, senón será como eu digo.
- Pois ben, que che parece se nos axudamos mutuamente. Eu convertereime en dragón dúas horas ao día e ti axudarásme un pouco nos exames e a resolver o problema que temos Mónica e eu, xa sabes, o roubo na igrexa de San Pedro.
- Ben, vale, pero ti terásme que axudar, tanto co caso do roubo como nos exames.
- Vale. Estudarei, e investigarei.
- Pero no que mais me tes que axudar é a gardar o segredo de Dragal.
- Xurareino polo que sexa, non o saberá ninguén máis.

Hadrián despedíuse do dragón e chamou deseguida a Mónica, non o podía crer, conseguiran o seu obxectivo! Pouco a pouco os problemas fóranse solucionando, o caso do roubo decidiron deixalo pola falta de probas e porque o cura non quería que se descubrisen as catacumbas. Hadrián ía todos os días as catacumbas e convertíase en dragón durante dúas horas, nese tempo falaba con Dragal. E toda a vida continuo coma se nada, igual que aquela mañá despois do regreso das

catacumbas.

ALMUDENA MOREIRA

Hadrián tiña moitos problemas, más a la da policía, Dragal continuáballe a lavar o cerebro coas súas palabras, que non deixaban de confundilo como se se tratase dun pesadelo que o perseguía tanto polo día como pola noite. Mónica o vía de cada vez peor con olleiras tan negras como o carbón, tiña que axudarlle pero non sabía como nin onde podería solucionalo

Explorou ela sola e en segredo a poza da moura, buscou información na internet sobre esta pero os seus esforzos eran inútiles xa que Hadrián estaba empezando de forma definitiva a súa metamorfose como indicaban os “Segredos da *Alquimia*”.

Falando diso, non volveran abrir desde súa saída pola “Poza da Moura” na que, a pesar dos seus esforzos, mollarase por completo.

-Espero que áinda se poida ler - pensou Mónica angustiada-

Os seus desexos foron cumplidos solo, e por fortuna, estropeárase a portada e a última páxina a cal nunca tivera nada interesante, ou polo menos ata o momento porque nela descubrira un mensaxe secreto deixado ni máis nin menos que polo bisavó de Hadrián:

O dragón ten o destino escrito
xunto co seu elixido,
máis toda a decisión
está escondida no medallón.

Esa tiña que ser a clave pero, cómo descifrar a mensaxe ela sola, Dragal podería descubrilos, entón decidiu tras unha chamada batalla mental investigalo pola súa conta; as preguntas bailan pola súa cabeza coma se houbera unha gran festa pero tiña un obxectivo claro e ese era axudar ao seu amigo, ao seu compañoiro e a persoa que ,segundo seu criterio, mellor a coñecía, así que debía intentalo.

Pasarían noites en vela e días baleiros sen contar os constantes interrogatorios da policía para que ela, si ela sola, encontraría a solución a súa proba; refírese ao medallón da cova o que liberara a Dragal, o que lle permitiría tomar un corpo.

Preparou a expedición agora sabendo que podería entrar pola “Poza da Moura”

ata o templo de Dragal onde encontrou enriba do medallón outra esfera de luz,
esta vez de cores marróns e prateadas, asustada Mónica escondeuse tras unhas
rochas ata que de repente soou unha voz grave que dicía:

-Son o sentido da xustiza de Dragal-

-Iso é mentira, Dragal posuío a Hadrián-

-Non!! Só o posuío a maldade de Dragal que a súa vez controlaba a bondade-

-A qué te refires?-

-No medallón Dragal ten tres colas pois cada unha delas representa unha das calidades que nomeei pero o mal atrapou a do ben e logo ao elixido, ese tal Hadrián-

-Iso é algo estranxo, pero ten sentido-

-Se queres salvar a o teu amigo lévame ata el-

-Non quererás controlalo ti tamén-

-Como osas dicir iso!!! Se ha alguén lle importa a vida do elixido e a min o sentido da xustiza-

-Esta ben. Que teño que facer?-

-Simplemente facer que o elixido me colla coa man do símbolo-

-Nada máis?-

-Nada más-

A noite acabou tan rápido como un lóstrego nunha gran tormenta; ao saír das clases no recuncho máis escuro e escondido Mónica cumpliu a promesa que lle fixo ao dragón e como se nada unha maraña de luces se formou ao redor de Hadrián luces verdes, prateadas, azuis, marróns e vermelhas as cales lle formularon unha difícil proposta:

-Hadrián que prefires ter un inimigo co que loitaras toda a túa vida ou un amigo que che pedira un favor ao pasado moito tempo-

-Prefiro sempre e agora un amigo- dixo Hadrián moi seguro de si mesmo-

-Así pois axudareite pero pasado o tempo ti axudarasme a min-

Finalmente Hadrián tivo a axuda de Dragal para os estudos, a saúde, e todos os seus problemas como a da acusación de roubo na igrexa.

Despois desta gran aventura Hadrián e Mónica estarían xuntos ata que con moi avanzada idade Hadrián cumpliu a súa promesa e transformouse no dragón que

puido ser desde que naceu.

NICOLAS VERDE

Hadrián consultará con Mónica a posibilidade de que esa tarde o acompañase a comisaría pero ela negouse porque podería ser un pouco sospeitoso. Durante as horas previas ao momento Hadrián presentaba síntomas de nerviosismo pero a súa nai supuxo que fora polo exame de tecnoloxía que viña de facer e non dixo nada.

Sobre as catro e media(cando súa nai xa se fora) Hadrián saíu da casa coa esperanza de non topar ningúén polo camiño pero a súa esperanza perdeuse ao ver paseando pola beirarrúa contraria a un dos da banda de Brais. Pese aos pensamentos de Hadrián o individuo non se lle achegou,simplemente o observou ata uns cincuenta metros da comisaría (posiblemente polo feito de que Hadrián o puidese delatar).

Unha vez alí Hadrián atopouse cós dous policías desa maña,con outro un pouco mais maior e co seu admirado compañoiro Brais. El (Brais) falou do que virá a noite anterior pero o garda mais maior sorprendeuno cando lle dixo a un dos outros no ouvido,pero bastante alto,:

-As drogas...

Despois de oír iso Brais puxo mala cara. Ao saíren de comisaría, Hadrián foi directamente a casa de Mónica a contarlle o sucedido e unha vez alí falaron durante más ou menos media hora.

Cando Hadrián regresou a casa topouse con que súa nai regresara,para a súa sorpresa,unha hora antes do traballo.

Ela díxolle nada mais velo pasar pola porta:

-Hadrián,ven a cociña.Por que chamaron da comisaría para preguntarme onde estiveras onte a noite??

Hadrián púxose nervioso e dixo sen pensalo:

-Esta ben,ponte cómoda que aquí para tempo.Onte a noite entraron a roubar na igrexa de San Pedro.Un rapaz do instituto estivo alí e culpounos a min e a Mónica de que foramos nós quen roubaramos.Hoxe no instituto estiveron dous policías que nos interrogaron un por un.Cando foi o meu turno expliqueilles que estivera

na casa e que Brais non se levaba moi ben con nós, posible causa de que nos culpara.

Eles quixeron que Brais e eu falásemos en persoa así que hoxe as cinco paseíme por alí. Alí todo quedou en nada e culparon a Brais de drogarse, cousa que eu tamén creo que pode ser certa.

NURIA TORRES